Consello Social
Universidade de Vigo

AXUDAS DO CONSELLO SOCIAL: NORMAS BÁSICAS

1. Para a súa tramitación, as solicitudes, que deberán presentarse preferentemente en galego, deberán incorporar inescusablemente unha memoria económica global de gastos e ingresos, así como programa a desenvolver, ademais do calendario e o lugar de celebración.
2. Terase en conta para a concesión da axuda o interese da iniciativa, os participantes na mesma, a repercusión pública e o seu valor para a comunidade universitaria ou a sociedade, que permitan o debate e a crítica de novos coñecementos, ideas e opinións.
3. Terán consideración especial as axudas a actividades orientadas a facilitar a empregabilidade dos alumnos ou a completar a súa formación científica, cultural e humanística, que favorezan o emprendemento ou contribúan á difusión da investigación desenvolvida na Universidade de Vigo e á transferencia dos resultados á sociedade e, en xeral, a un maior coñecemento e achegamento da sociedade á vida universitaria.
4. Unha mesma iniciativa non poderá ser fragmentada en dúas peticións distintas (por exemplo, a celebración dunhas xornadas e a publicación dos relatorios). Deberán formar parte dun primeiro e único orzamento inicial completo. En todo caso serán desestimadas as segundas e seguintes peticións vinculadas.
5. As solicitudes deberán presentarse, como mínimo, con dous meses de antelación á data de celebración de actividade. Serán rexeitadas as solicitudes correspondentes a actividades celebradas con anterioridade á data da resolución.
6. Quedan excluídas destas axudas as correspondentes a títulos propios e outros cursos da Universidade de Vigo, ou aquelas que sexan susceptibles de acollerse á convocatoria de Prácticums que promove o Consello Social entre os centros.
7. Con carácter xeral, ás axudas que se concedan a unha mesma iniciativa ou dunha mesma procedencia, aplicaráselle en sucesivas edicións unha redución do 20 % respecto á axuda concedida na anterior edición. Así mesmo, con carácter xeral, serán rexeitadas as iniciativas que superen as seis edicións consecutivas de patrocinio continuado (total ou parcial) do Consello Social.
8. As limitacións impostas no apartado 7 poderán ser reconsideradas, con carácter excepcional, cando os membros presentes na reunión, de xeito expreso e fundamentado, consideren que se trata dunha iniciativa de especial interese e relevancia para a Universidade de Vigo.
9. A colaboración do Consello Social deberá mencionarse na información dirixida aos medios de comunicación, así como en todos os documentos de difusión calquera que sexa o soporte, e na páxina web da actividade ou iniciativa, sempre coa supervisión e aceptación previa do Consello Social.

   A imaxe corporativa do Consello Social deberá figurar na difusión pública da actividade ou iniciativa de que se trate. O Consello Social facilitará dita imaxe á organización, que será utilizada aos exclusivos efectos que se recollen neste documento. Para calquera outro uso deberase contar coa autorización expresa do Consello Social.
10. A axuda deberá destinarse preferentemente ao pago de materiais, difusión ou relatores, e evitará no posible outras partidas que en ningún caso poderán superar o 25 % da axuda total salvo autorización expresa e fundada. As axudas concedidas para calquera actividade ou iniciativa deberán ser executadas dentro do exercicio económico da súa concesión.
11. Os pagos requirirán en cada caso a entrega previa dunha Memoria final xustificativa, tanto económica como dos resultados, onde se recollan expresamente as variacións que se puideran producir respecto da proposta inicial, así como da presentación das facturas dos gastos.

(Última modificación na Comisión de Actividades e Servizos do 29 de xullo de 2024)